

Modelos de Memoria Xustificativa e Memoria Económica (Orde de 20 de marzo de 2012 que desenvolve o Decreto 222/2011, sobre autorización de titulacións oficiais no Sistema Universitario de Galicia)

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-13863_gl.pdf

ANEXO I Memoria xustificativa (artigo 5.1.a)

O Máster Universitario en Neurociencia (60 ECTS) impártese de maneira ininterrompida desde o curso 2011-12 e conta cunha acreditación vixente (18 de decembro de 2025). A súa continuidade e adaptación constante evidencian o seu interese académico, científico e social. A titulación contribúe á formación de persoal cualificado en ámbitos prioritarios para Galicia —saúde, envellecemento, saúde mental e enfermidades neurodexenerativas— e alíñase coa Estratexia RIS3 Galicia, así como co ODS 3 da Axenda 2030.

A neurociencia constitúe unha área estratéxica para o SUG pola súa relevancia biomédica e investigadora. O carácter interuniversitario do máster reforza a coordinación institucional e a optimización de recursos, en consonancia coa Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia. A impartición compartida garante, ademais, o equilibrio territorial, aproveitando de maneira eficiente as infraestruturas e servizos das tres universidades.

Desde 2011-12, o máster mantivo de forma sostida máis de 20 estudantes por curso, cun alto nivel de satisfacción. Ao longo desta traxectoria formou egresados que se incorporaron a grupos de investigación universitarios, centros de investigación e hospitais, evidenciando unha demanda real de especialistas en neurociencia. A titulación proporciona unha formación avanzada para o desenvolvemento dunha carreira investigadora e caracterízase polo seu enfoque multidisciplinar, con dúas especialidades que abarcan diferentes áreas da neurociencia. A realización do TFM e actividades como a Xornada para Mozos/as Investigadores/as en Neurociencia favorecen o establecemento de colaboracións e a integración en equipos de investigación.

O título conta cun sistema de mellora continua baseado en autoinformes anuais de seguimento e nas avaliacións da ACSUG, o que garante a súa actualización permanente. O plan de estudos, estruturado nun módulo común e dúas especialidades, non coincide con outras titulacións do SUG e complementa diversos graos impartidos nas universidades galegas (Bioloxía, Psicoloxía, Medicina, etc.), facilitando a continuidade cara ao Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica.

O Máster Universitario en Neurociencia mantén plena coherencia cos Plans Estratéxicos das universidades participantes, que priorizan a docencia de calidade, a investigación de excelencia, a transferencia de coñecemento e a internacionalización. A titulación responde ás liñas institucionais orientadas a innovación e a formación de investigadores, reforzando o papel das universidades galegas no sistema galego de ciencia e innovación. O seu carácter interuniversitario contribúe ao cumprimento dos obxectivos de cooperación e racionalización de recursos definidos na Lei 6/2013 do SUG.

No ámbito da innovación docente, o título incorpora metodoloxías activas e o uso intensivo das TIC, mediante docencia compartida entre universidades a través de Microsoft Teams, o campus virtual e ferramentas dixitais de apoio á aprendizaxe. Ademais, a natureza investigadora do programa favorece o contacto directo coas técnicas e metodoloxías avanzadas da neurociencia.

O máster está integrado na Rede Europea de Programas de Neurociencia (NENS), o que supón un selo de calidade internacional e facilita a visibilidade do programa, a mobilidade e o acceso a actividades formativas promovidas pola Federación Europea de Sociedades de Neurociencia (FENS). Esta pertenza garante a adecuación da titulación aos estándares internacionais da área.

O Máster en Neurociencia destaca pola súa traxectoria consolidada e pola súa capacidade de adaptación ás recomendacións das axencias de calidade, ás necesidades profesionais e á evolución das disciplinas neurocientíficas. A titulación é clave para reforzar a investigación en Galicia, onde hai numerosos grupos que están levando a cabo proxectos no ámbito da neurociencia. Ademais, facilita a continuidade cara ao doutoramento e forma especialistas en áreas de alta demanda social, contribuíndo a consolidar a presenza das universidades galegas en ámbitos estratéxicos de coñecemento e innovación.

*** Requisitos específicos:**

De acordo co establecido no RD 822/2021, para acceder ao Máster en Neurociencia o estudiantado deberá posuír unha formación académica correspondente ás seguintes titulacións: Bioloxía, Biotecnoloxía, Biomedicina, Bioquímica, Farmacia, Medicina, Psicoloxía, Enfermaría e Fisioterapia.

Tamén poderán solicitar a admisión diplomados, licenciados ou graduados doutras titulacións non afíns, sempre que acrediten experiencia e/ou intereses específicos nas distintas áreas da neurociencia; neste caso, cando proceda, realizarase unha entrevista persoal co/a candidato/a.

A Comisión Académica valorará en cada caso os antecedentes académicos, científicos e profesionais das persoas solicitantes.

Non se requiren complementos formativos para cursar o Máster.

No caso de estudantes procedentes de países cunha lingua distinta do galego ou do español, e co obxectivo de garantir un adecuado seguimento das actividades formativas, deberán acreditar un nivel mínimo B2 ou equivalente en galego ou español.

ANEXO II Memoria económica (artigo 5.1.b)

A implantación e continuidade do Máster Universitario en Neurociencia non implica un incremento significativo no gasto estrutural das universidades, dado que o título se impartiu de maneira ininterrompida desde o curso 2011-12 e dispón xa dos recursos humanos e materiais necesarios para o seu funcionamento ordinario.

A oferta docente pode ser atendida polo cadro de profesorado existente, integrado por PDI e investigadores das tres universidades do SUG con ampla experiencia docente e investigadora en neurociencia. A estrutura actual garante a cobertura das materias obrigatorias, das materias das dúas especialidades e da titorización do TFM, sen necesidade de contratación adicional.

En canto ás infraestruturas, as universidades participantes dispoñen de aulas, laboratorios de prácticas, salas de informática, bibliotecas, animalarios e servizos centrais de apoio científico-técnico plenamente operativos. Para a realización do TFM se dispón dos laboratorios dos grupos de investigación. Estes recursos son os empregados actualmente no desenvolvemento da titulación, polo que non se prevén investimentos extraordinarios para a súa implantación renovada.

Tamén se manteñen sen variación os recursos asociados a plataformas virtuais (campus virtual, plataforma MsTeams, barras de audio/vídeo, ordenadores), que xa están integrados na infraestructura das universidades participantes. As necesidades futuras serán cubertas a través dos plans de mantemento e actualización das ferramentas tecnolóxicas das universidades, sen supoñer cargas adicionais.

A redución da oferta de prazas a 40 estudantes contribúe ademais a garantir unha adecuada ratio docente-alumnado, sen impacto económico negativo e optimizando a capacidade formativa e de titorización do TFM.

Os recursos necesarios para o desenvolvemento do máster proveñen das dotacións orzamentarias das universidades participantes, destinadas á docencia oficial de postgrado. Actividades como a Xornadas para Mozos/as Investigadores/as en Neurociencia son financiadas polo vicerreitorado con competencias xunto coas Facultades. Aínda que a maior parte dos custes asociados á impartición do título están cubertos polos orzamentos das universidades, en actividades como as prácticas de laboratorio e esencial a colaboración dos grupos de investigación que poñen a disposición do alumnado parte dos seus recursos materiais garantindo así o correcto desenvolvemento das actividades prácticas.

A natureza interuniversitaria do título contribúe á optimización e utilización eficiente de recursos, reforzando a súa viabilidade económica.